

Celébrase o VII Festival Pezas dun Teatro do Porvir 2024: Galiza + Portugal

O domingo 27 de outubro terá lugar o VII Festival Pezas dun Teatro do Porvir 2024: Galiza + Portugal, que se vai celebrar no Teatro Rosalía de Castro da Coruña

por [Redacción](#) 25/10/2024

<https://erreguete.gal/2024/10/25/celebrase-o-vii-festival-pezas-dun-teatro-do-porvir-2024-galiza-portugal/>



'A VIDA ÚTIL DA PORCELANA' (Galiza) de Samuel Merino e Silvia Penas. II Premio do VI Festival Pezas dun Teatro do Porvir 2023. Foto: Afonso Becerra

O domingo 27 de outubro terá lugar o VII Festival Pezas dun Teatro do Porvir 2024: Galiza + Portugal, que se vai celebrar no Teatro [Rosalía de Castro](#) da Coruña. Esta actividade, organizada

pola AELG, conta coa colaboración do Concello da Coruña, Deputación Provincial da Coruña, CEDRO e Camões-Centro Cultural Portugués en Vigo. **A entrada é libre e gratuíta.**

Para dar apoio e fomento de novos proxectos escénicos a través dunha convocatoria e mostra dos mesmos, dentro dunha xornada para compartir, analizar e debater, naceu o Festival Pezas dun Teatro do Porvir: Galiza + Portugal. Trátase dun festival único en Galiza para impulsar e analizar pezas que están en proceso de creación e que buscan abrir e compartir ese proceso con outras persoas, cun público, e con especialistas en artes escénicas. Ao mesmo tempo, tamén se procura tender pontes, dentro do Eixo Atlántico peninsular, coa veciña Portugal.

O programa inclúe unha Masterclass sobre un tema relevante. Neste 2024 o convidado de honra é [Roberto Pascual](#), dramaturgo, investigador, docente e director artístico durante unha década e media (2009-2024) da Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia, quen se ten caracterizado por realizar programacións cun alto compromiso humano respecto aos valores de liberdade, diversidade e inclusión de colectivos marxinalizados. Así o fixo tamén na súa ópera prima, coa que acadou o Premio *Rafael Dieste* de textos teatrais en 2021, titulada [Sophie non é o meu nome de guerra](#).

VII FESTIVAL PEZAS DUN TEATRO DO PORVIR, GALIZA + PORTUGAL 2024

A sétima edición do festival acolle **7 proxectos** (4 galegos e 3 portugueses), que serán amosados e compartidos en público.

Desa selección, logo das presentacións no **VII Festival Pezas dun Teatro do Porvir 2024: Galiza + Portugal**, a comisión organizadora da AELG, Xosé Paulo Rodríguez, director do Teatro Rosalía de Castro da Coruña, Célia Guido Mendes, en representación do Camões-Centro Cultural Portugués en Vigo, e o convidado de honra, Roberto Pascual, contando co voto emitido polos propios participantes, premiarán proxecto(s) coa posibilidade da súa estrea. Non obstante, este premio podería quedar deserto, se o xurado así o considerase.

PROGRAMA

DOMINGO 27 DE OUTUBRO

No Teatro Rosalía de Castro da Coruña. Entrada libre.

– **10:00 h.** Apertura da Xornada a cargo de [Cesáreo Sánchez Iglesias](#), presidente da AELG, e representantes das institucións colaboradoras.

VII Festival Pezas dun teatro do porvir, Galiza + Portugal. Procesos abertos de escrita dramática (mañá).

– **10:30 h.** Nuna. *Por Favor não mexer/Por favor não tocar.*

– **11:15 h.** Paula Sanmartín. *Némese en tránsito.*

– **12:00 h.** Andrea González García. *En carne viva.*

– **12:45 h.** Aula maxistral a cargo de Roberto Pascual.

VII Festival Pezas dun teatro do porvir, Galiza + Portugal. Procesos abertos de escrita dramática (tarde).

- **16:30 h.** Isabel Milhanas Machado. *Uma história*.
- **17:15 h.** Luís Campião. *Carta à mãe*.
- **18:00 h.** Carlota Mosquera. *Ninguém tira fotos nos enterros*.
- **18:45 h.** Sol Mariño. *A Velha Berimbau*.
- **19:30 h.** Deliberación, por parte do Comité de Selección do Festival, formado por [Afonso Berra de Berra](#), Vogal de Literatura Dramática da AELG, Xosé Paulo Rodríguez, Director do Teatro Rosalía Castro da Coruña e Membro da Xunta Directiva de La Red do Estado español, Célia Guido Mendes, en representación do Camões-Centro Cultural Português em Vigo; e Roberto Pascual, contando cos votos emitidos polas/os creadoras/es dos proxectos escénicos presentados.